

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 15 de outubro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a. Olga Alonso Suárez

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e corenta minutos do día quince de outubro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1127).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1128).- AVOGACIÓN E POSTERIOR DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL: ÁREAS DE URBANISMO, CASCOS HISTÓRICOS, GRANDES PROXECTOS E PATRIMONIO.

Dáse conta da proposta do Excmo. Alcalde, de data 15.10.14, que di o seguinte:

Con motivo da ausencia da membro do Goberno e primeira tenente de alcalde, D^a M^a Carmen Silva Rego, dende o día 16 ata o 23 de outubro de 2014, ambos inclusive, e coa finalidade de garantir o normal funcionamento das áreas de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio, nela delegadas por acordo da Xunta de Goberno Local, sesión do 30 de xullo de 2014, esta Alcaldía-Presidencia emite a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO:

Primeiro.- Avogar as competencias delegadas das áreas de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio na concelleira D^a M^a Carmen Silva Rego que se conteñen no acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de xullo de 2014 dende o día 16 ao 23 de outubro, ambos incluídos, recuperando novamente a súa vixencia a devandita delegación ao día seguinte do período indicado.

Segundo.- Delegar no concelleiro D. CARLOS LÓPEZ FONT as competencias da Xunta de Goberno Local referidas as áreas de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio, en todos os termos que se conteñen no acordo da Xunta de Goberno Local, sesión 30 de xullo de 2014, dende o día 16 ata o 23 de outubro de 2014, ambos incluídos.

Terceiro.- Notificar o acordado aos concelleiros e demais persoal interesado e dar conta mediante a intranet municipal.

Cuarto.- O acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986 e darase conta del ao Pleno da Corporación para os efectos de información.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1129).- PROPOSTA DE PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “XANTAR NA CASA”. EXPTE. 101195/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14.10.14, o informe de fiscalización do 15.10.14, o informe da técnica responsable do servizo de persoas maiores e persoas con discapacidade, do 13.10.14, dáse conta da proposta da xefa do Servizo de Benestar Social, do 13.10.14, conformada polo xefe de Área de Benestar Social, a concelleira delegada da Área de Política de Benestar e a concelleira da Área de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Á vista dos informes emitidos e da demais documentación que consta no expediente de referencia, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar a prórroga do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o “Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar” para o desenvolvemento do programa “Xantar na Casa”, desde o 15 de outubro de 2014 e ata o 15 de outubro de 2015.

SEGUNDO: Aprobar un máximo de 120 prazas para este programa, ata o 15 de outubro de 2015, sempre e cando a suma dos importes medios mensuais non exceda do orzamento total anual que se estipula para este convenio.

TERCEIRO: Aprobar o prezo de 1,86 €/día por persoa que aboará o Concello de Vigo ao Consortio por cada usuario do programa.

CUARTO: Autorizar o gasto de 80.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.2260908 ("Programa Xantar na Casa"). Desta cantidade, imputaranse 17.200,00 € ao ano 2014 e 62.800,00 € ao exercicio de 2015.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta

4(1130).- PROPOSTA DE OUTORGAMENTO DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ. ANO 2014. EXPTE. 6747/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13.10.14, dáse conta do informe-proposta do Servizo de Participación e Atención cidadá, do 8.10.14, conformado polo concelleiro-delegado de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e a concelleira de Economía e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 23 de maio de 2014, aprobáronse as bases reguladoras das subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá para o ano 2014.

Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 114, do luns 16 de xuño de 2014, así como, na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 15 días hábiles, a contar dende o seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Durante este prazo (do 17 de xuño ao 3 de xullo), sen prexuízo das asociacións que despois resultaron beneficiarias, corenta e sete entidades achegaron no Rexistro Xeral municipal un total de 99 solicitudes (informe sobre o resultado da convocatoria de subvencións de data 15/07/14 que, segundo acta da Comisión de Valoración de data 18/09/14, se distribuíron, entre cada un dos Programas, do seguinte xeito:

<i>Programa I: "Gastos de mantemento"</i>	<i>43 solicitudes achegadas</i>
<i>Programa II: "Gastos en investimento: equipamento"</i>	<i>34 solicitudes achegadas</i>
<i>Programa III: "Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles"</i>	<i>22 solicitudes achegadas</i>
TOTAL PROXECTOS PRESENTADOS: 99	

De conformidade co art. 21 da LSG e Base Décimo Primeira.4 da convocatoria, a Comisión de Valoración (CV) constituída para o efecto, levou a cabo unha avaliación das solicitudes, verificando o cumprimento das condicións impostas ás entidades concorrentes para acadar a condición de beneficiarias da subvención, de tal xeito que, tal e como se reflicte na acta do 18/09/14, decidiu propor a desestimación das solicitudes de sete entidades (táboa 1 acta), xa que as mesmas non cumpren un requisito esencial para ser beneficiarias das subvencións, por

canto, unha non está inscrita no RMA e as restante non están inscritas nos epígrafes 10.1 ou 10.5 daquel, así como, dunha asociación por existir no vixente orzamento municipal consignación presupostaria nominativa ao seu favor para a formalización dun convenio de colaboración para axudar ao financiamento de gastos comprendidos nalgún dos programas subvencionados nesta convocatoria (táboa 2 acta). Pola súa parte, aceptase o desistimento de dúas solicitudes (Programas II e III) dunha das asociacións concorrentes.

Trala avaliación das solicitudes, efectuada conforme aos criterios, formas e prioridades de valoración establecidos nas bases reguladoras da subvención (art. 21.3.c) LSG), a Comisión de Valoración, tendo en conta o número de peticións achegadas para cada un dos programas, os orzamentos dos proxectos presentados, a axuda solicitada para facer fronte a ditos proxectos e, á vista de que o importe total de subvencións solicitado para o Programa III é un importe superior ao solicitado para o Programa II, acordou distribuír a cantidade dispoñible para o outorgamento de subvencións da seguinte maneira:

1. Con cargo á partida presupostaria 9240 4890000 "Subvencións a entidades cidadás e sindicatos", un importe total de 90.610 € destinados á satisfacción do Programa I.

Esta contía repartiuse, na súa totalidade, respectando os límites establecidos, entre todas as entidades solicitantes.

2. Con cargo á partida presupostaria 9240 7800000 "Transferencias de Capital Asociacións" un importe total de 150.000 € distribuídos da seguinte maneira:

- Programa II: 40.000 €
- Programa III: 110.000 €

Ámbalas dúas contías repartíronse, na súa totalidade, respectando os límites establecidos, entre todas as entidades solicitantes dos respectivos Programas.

A axuda final resultante para cada un dos Programas e asociacións redondeouse á baixa, resultando un excedente de:

- Programa I: 0,10 €
- Programa II: 0,09 €
- Programa III: 0,09 €

OBXECTO DA SUBVENCIÓN E ENTIDADES BENEFICIARIAS

As subvencións convocadas están dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía. As subvencións convocadas na convocatoria de 2014 están destinadas a:

- Programa I: "Gastos en mantemento"
- Programa II: "Gastos en investimento: equipamento"
- Programa III: "Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles"

De conformidade coas bases 1ª.c) e segunda da norma reguladora das subvencións, en combinación co art. 13.1 da LXS, soamente as asociacións de veciños e as sociedades culturais que operen no movemento veciñal, é dicir, inscritas, respectivamente, nos epígrafes 10.1 e 10.5 do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA, en adiante), podían ser beneficiarias das subvencións. As bases establecían como excepción as agrupacións, federacións,

confederacións e demais entidades que representen a distintos colectivos, cando as entidades ás que representan ou que formen parte delas, podían concorrer neste procedemento a título individual.

CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

Segundo as bases reguladoras da subvención, a cantidade máxima destinada a subvencionar o Programa I foi de 90.610 €, que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 9240 4890000, denominada "Subvencións a entidades cidadás e sindicatos", correspondente ao vixente exercicio presupostario.

Pola súa parte, a cantidade máxima establecida para os Programas II e III é de 150.000 €, efectivos con cargo á partida 9240 7800010, chamada "Transferencias de Capital Asociacións", do orzamento de 2014.

Tal e como se indica nos antecedentes deste informe, a distribución final destas contías entre os catro Programas resultou ser a seguinte:

- Programa I: 90.610 €
- Programa II: 40.000 €
- Programa III: 110.000 €

En ningún caso, as axudas solicitadas superan os límites cuantitativos fixados na base terceira das subvencións.

PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN E CRITERIOS DE VALORACIÓN

O procedemento de concesión tramítase en réxime de concorrencia competitiva, que é o procedemento ordinario de concesión de subvencións, de acordo co art. 22.1 da LXS, que se iniciou de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, conforme ao art. 20 da LSG. A través do mesmo, a concesión realízase mediante comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración marcados, adxudicando as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

A cláusula décima das bases reguladoras da subvención, recolle os criterios de valoración, precisando a ponderación relativa atribuída a cada un deles, do seguinte xeito:

- a.- Traxectoria e antigüidade da entidade: ata 10 puntos
- b.- Representatividade e área de influencia: ata 5 puntos
- c.- Capacidade económica: ata 10 puntos
- d.- Grado de implicación no barrio, parroquia ou distrito e área de influencia: ata 5 puntos.
- e.- Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto de actividades: ata 25 puntos por proxecto presentado
- f.- Calidade e viabilidade técnica e económica das propostas: ata 25 puntos por programa
- g.- Colaboración e complementariedade das actividades da entidade coa acción da Administración Local: ata 20 puntos
- h.- Xustificación das subvencións: ata 10 puntos
- i.- Utilización da ferramenta en liña "Asociacións en Rede": ata 5 puntos

Achégase como Anexo II á acta da CV do 18/09/13, escenario cos criterios de valoración, polo miúdo.

COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCÍONS

Na Base quinta da convocatoria, establecíanse unha serie de limitacións a compatibilidade das subvención, cuxo cumprimento se configurou como requisito inescusable para poder concorrer no procedemento. O servizo de Participación Cidadá verificou que, agás a Asociación de Vecinos de Novo Vigo (G-27771195), respecto da que existe no vixente orzamento municipal consignación presupostaria nominativa ao seu favor para a formalización dun convenio de colaboración para axudar ao financiamento de gastos comprendidos no Programa I desta convocatoria, ningunha das outras peticionarias incorreu nas prohibicións ao respecto.

Tamén se comprobou que ningunha das outras entidades solicitantes recibiu ningunha outra axuda da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado para os mesmos Programas subvencionables na presente convocatoria. Así mesmo, ningunha delas manifestou ter solicitada nin obtido ningunha outra subvención para a mesma finalidade, noutro departamento municipal no vixente exercicio presupostario.

En todo caso, de conformidade coa mesma base, en cumprimento do disposto no art. 14.1.p) da LSG, as subvencións obxecto do presente expediente serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

A entidade beneficiaria, de conformidade co artigo 14.1.d) da LXS, debe comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes doutras administracións. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

Chegado o momento da xustificación, tal e como preceptúa o art. 19.3 da LXS, “o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividades subvencionada”, en cuxo caso procederase na forma prevista no artigos 37.3 da LXS e 34 do RLXS.

CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS E DOCUMENTACIÓN

a) Todas as asociacións ás que se propón outorgar subvención no punto primeiro da parte dispositiva deste informe, están debidamente inscritas no RMA nos epígrafes 10.1 ou 10.5 de dito Rexistro, “Asociacións veciñais” e “Sociedades culturais, recreativas, deportivas, ateneos, círculos, liceo, casas rexionais”, respectivamente, cumprindo así co disposto nas bases primeira e segunda da norma reguladora das subvencións. Porén, sete das asociacións solicitantes, resultaron non estar inscritas nos epígrafes que, segundo a base primeira.d) da norma reguladora da subvención, permitían a concorrencia nesta convocatoria pública. Para estas, propónse ao órgano competente a desestimación das súas solicitudes.

b) Ningunha entidade solicitante declara ter obtido unha axuda para para a mesma finalidade dos Programas I,II e III (anexo IV.A.7):

Se chegado o momento da xustificación, calquera das entidades beneficiarias das axudas declara ter recibido outra/s subvención/s para a mesma finalidade doutra Administración Pública, ente público ou privado, nacional ou internacional, o importe acumulado das subvencións obtidas non poderá superar o custe da actividade e/ou gasto subvencionado.

c) Tal e como se reflicte no informe sobre o resultado da convocatoria, de data 15/07/14, todas as solicitudes para concorrer no procedemento, a cuxa petición de subvención se accede, se solicitaron no prazo establecido ao efecto na base novena. O prazo de quince días hábiles fixado para presentación de solicitudes finalizou o 03/07/14.

d) En ningún caso se superan os límites cuantitativos establecidos na base cuarta da convocatoria, a saber:

- Programa I: en ningún caso, a contía de 3.000 €
- Programa II: en ningún caso, o cantidade de 5.000 €
- Programa III: o 80 % do orzamento presentado e o máximo de 15.000 €

e) Todas as asociacións ás que se lle concede subvención, teñen sede social ou delegación no termo municipal de Vigo (base segunda 1).

f) Dos seus estatutos e normas reguladoras despréndese que ditas entidades teñen obxectivos e fins coincidentes cos establecidos nas bases, dispoñendo dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos mesmos (base segunda 2 e 3).

g) As entidades que resultaron beneficiarias da subvención teñen debidamente xustificadas en tempo e forma as axudas que se lle outorgaron na Área de Participación Cidadá, de conformidade coa base Sexta.2, apartado 1º. Enténdese cumprido este requisito, respecto de cinco das entidades solicitantes, que non concorreron á convocatoria dos anos 2012 e/ou 2013, ou que, se ben concorreron, non obtiveron subvención, sen prexuízo de que, ás mesmas non se lle outorga ningunha puntuación polo criterio de "xustificación de subvención", previsto na Base Décima.h) da convocatoria.

h) Todas as outras entidades acreditan estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa AEAT, Administración Autónoma (Delegación de Facenda), e coas obrigas coa Seguridade Social, así como, de non ser debedoras, por resolución, de procedencia de reintegro, cumprindo co disposto no artigo 14.1.e) da LXS, mediante a presentación das certificacións pertinentes, vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS ou, no seu caso, por medio de acreditación simplificada mediante declaración responsable, de conformidade co arts. 22.1 e 24 da RLGS, que permite substituír a presentación das certificacións por unha declaración responsable cando o/a beneficiario/a non estea obrigada a presentar as declaracións ou documentos aos que se refiren as obrigas tributarias ou coa Seguridade Social. O servizo de Participación Cidadá comprobou de oficio que as solicitantes estaban ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello de Vigo (informe de Tesourería-Recadación de data 13/08/14). De conformidade cos arts. 6.2.b) da Lei 11/07, de 22 de xuño e 95.2 da Lei 58/03, de 17 de decembro, este servizo tamén solicitou o certificación de non ter débedas pendentes coa AEAT naqueles casos nos que á entidade en cuestión autorizou, expresamente, ao Concello para solicitar a súa expedición (solicitouse por correo electrónico á Oficina Municipal de Informática, que contestou pola mesma vía, acompañando unha certificación por cada unha das entidades sobre as que se solicitou a información, de data 07/08/14, que se incorporaron aos seus respectivos expedientes. Porén, para as entidades Rosalía de Castro da Salgueira, As Nosas Rúas, SCDR Helios de Bembrive, SCD Atlántida de Matamá e SCDR Nautilus constan certificacións da Axencia Tributaria, respectivamente, de datas 20/08/14, 08/09/14, 21/08/14, 17/09/14 e 01/09/14.

Acompáñase ao presente informe Anexo III, coa relación das entidades beneficiarias dunha subvención total igual ou superior aos 3.000 €, a ter en conta no momento da xustificación, xa que, o artigo 31.7 e) e f) LSG, permite, respectivamente, un réxime simplificado de acreditación destas circunstancias, no caso de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios do capítulo

IV (Transferencias correntes) destinadas a institucións sen fins de lucro, así como, as que non superen os 3.000 euros individualmente e se concedan con cargo aos créditos orzamentarios do capítulo VII (Transferencias de capital), destinadas a institucións sen fin de lucro.

i) Constan as declaracións de que as entidades beneficiarias non se atopan incursas en ningunha das prohibicións do art. 13 da LXS (anexo IV.A.7), requisito esixido pola base segunda 7.15.

j) As asociacións concorreron achegando a solicitude e anexos á solicitude, aprobados nas bases reguladoras das subvencións como modelos oficiais (anexos I - IV.A e B), a saber:

– Solicitude por programas (Programa I,II e/ou III): Anexo I, II e/ou III: comprende datos da entidade solicitante, do seu representante legal, domicilio a efectos de notificación, datos do proxecto e lugar, data, sinatura e selo.

– Información complementaria solicitude: Anexo IV.A). Comprende:

- 1- Datos da entidade solicitante
- 2- Programas aos que concorre e contía solicitada
- 3- Actualización de datos do RMA
- 4- Xestión económica e financeira da entidade no ano 2013
- 5- Titularidade do local social e autorización ou conformidade
- 6- Autorizacións para solicitar información tributaria
- 7- Declaracións responsables
- 8- Nivel de cooperación (5 último anos)
- 9- Rexistro na páxina web <http://asociacions.vigo.org/>
- 10- Sistemas de información, comunicación e publicidade
- 11- Documentación achegada

– Proxecto de actividades: Anexo IV.B), que comprende relación de actividades e desglose de actividades polo miúdo:

- 1- denominación
- 2- categoría
- 3- colectivo ao que se dirixe
- 4- lugar e data de celebración
- 5- nº de participantes
- 6- financiamento
- 7- lingua empregada no desenvolvemento da actividade
- 8- medios a empregar (materiais e humanos)
- 8- finalidade, obxectivos e resultados a acadar

k) Incorpórase como Anexo I a acta da Comisión de Valoración do 18 de setembro de 2014, conformidade da Concellería de Participación Cidadá coa realización das obras en locais municipais, sede de entidades asociativas, que se subvencionan no Programa III ("Gastos en investimento: obras e adquisicións de inmobles"), da mesma data. Do resto das asociacións que solicitaron subvención para o Programa III, seis manifestan ser propietarias do local social e dúas indican que o local e alugado. (Anexo IV.A.5).

l) Pola súa parte, os proxectos para obras nos dous locais sociais que manifestan estar arrendados (A.C.C.V.D Vigo Centro e A.C.V. Curva de San Gregorio), non incorren nas causas de desestimación da Base 6ª.5 da convocatoria, a saber, o contrato de aluguer é inferior a cinco anos e o importe das obras non supera o 5% do seu valor catastral. Achéganse os correspondentes contratos de aluguer. Porén, na solicitude do Programa III formulada pola entidade AV. Fonte do Galo solicitábase subvención para realizar obras en dous locais, un

cedido (incluído no Anexo I á acta da CV de 18/09/14) e outro alugado. Dado que, segundo proxecto achegado, o importe das obras a realizar no local alugado superaba dita porcentaxe, so se tivo en conta á hora de avaliar o proxecto o importe das obras prevista no local cedido polo Concello.

m) En canto ao disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, sobre actualización de datos do RMA, agás catro asociación de veciños (Rosalía de Castro da Salgueira, Coruxo, As Nosas Rúas e Helio de Bembrive), todas as beneficiarias declararon baixo a súa responsabilidade (Anexo IV.A.3), que a documentación requirida non sufriu cambios e consta no RMA. Polo servizo xestor comprobouse a veracidade de dita declaración, así como, que a asociacións que non riscaron a declaración responsable achegaron ou teñen actualizados estes datos.

PRAZO E CONTIDO DA RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

a) De acordo coa base Décimo Primeira.8 das bases reguladoras da subvención, o procedemento de concesión ou desestimación das axudas resolverase “no prazo de catro meses, que se computará a partir da publicación desta convocatoria”.

Tendo en conta que a Convocatoria e Bases reguladoras das subvencións, que rexen este procedemento, se publicaron no BOP núm. 114, do luns 16 de xuño de 2014, e que, de acordo co art. 48.2 da Lei 30/92, cando os prazos se fixen por meses, contaranse a partir do día seguinte a aquel que teña lugar a publicación do acto (convocatoria) de que se trate, o prazo para resolver este procedemento está en curso.

Agora ben, ante a previsión de que o outorgamento destas subvencións no se resolvera antes do 17 de outubro de 2014 (data límite de resolución segundo as bases reguladoras da convocatoria), debe sinalarse que de conformidade co art. 23.5 da LSG o vencemento do prazo máximo sen notificar a resolución lexítima aos interesados para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo. Agora ben, de conforme ao art. 43.3 da Lei 30/92, modificado por Lei 25/09, de 22 de decembro, a obriga de ditar resolución expresa de todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación, contido no art. 42 da mesma Lei, suxeitase, no caso de desestimación por silencio administrativo, ao seguinte réxime: “a resolución expresa posterior ao vencemento do prazo, adoptarse pola Administración sen vinculación algunha o sentido do silencio”. Polo que, nada obsta, para que a resolución que se propón sexa favorable á concesión das subvencións aínda transcorrido o prazo de catro meses establecidos nas bases.

En calquera caso, non se excederá o prazo máximo de nove meses que o art. 23.1 da LSG, de aplicación á Administración Local, establece para resolver e notificar a resolución do procedemento.

b) Tal e como preceptúa o art. 23.3 LGS a resolución, “ademais de conter a relación de solicitantes aos que se lle concede a subvención, fará constar, no seu caso, de maneira expresa, a desestimación do resto de solicitudes”. No mesmo senso, se reflectiu na base décimo primeira.8.

Na parte dispositiva deste informe proposta, incorpórase a relación das corenta (40) entidades as que se lle propón conceder subvención, para algún ou todos os Programas para os que solicitou axuda, na que se reflecte, número de orden correlativo, CIF entidade, número de expediente, obxecto do gasto subvencionado, a puntuación obtida por cada un dos programas, custe dos proxectos presentados, subvención outorgada por programas e contía total subvencionada por entidades solicitantes.

Así mesmo, como anexos ao presente informe, incorpóranse ao expediente:

- Anexo I: táboas coa proposta final por Programas (I, II e III)
- Anexo II: táboa coa proposta final por entidades
- Anexo III: táboa coa proposta final con cargo á partida orzamentaria 9240 4890000 "Subvención a entidades cidadás e sindicatos" (Programa I, capítulo IV)
- Anexo IV: táboa coa proposta final con cargo á partida orzamentaria 9240 7800010 "Transferencias de capital Asociacións" (Programas II e III, capítulo VII)
- Anexo V: relación de entidades beneficiarias dunha subvención total igual ou superior a 3.000 €

Propónse, por outra lado, desestimar ás solicitudes seis (6) entidades, xa que as mesmas non cumprían coas condicións e requisitos establecidos para acadar a condición de beneficiaria, en concreto, unha non está inscrita no RMA e a restantes non están inscritas nos epígrafes 10.1 nin 10.5 do RMA, con indicación do CIF, nome da asociación, números de expediente correspondentes, e programa (Base sexta.2).

CIF	ENTIDADES	EXPTES
R-3600120D	Misioneras Divino Maestro	6749/320
G-36624120	Apamp Asociación Familias Persoas con Parálise Cerebral	6750/320 6751/320
G-36985950	Alg-a Asociación Cultural	6752/320
G-36605905	Asociación en favor de Personas con Discap Intelectual Pontevedra ASPANAEX	6753/320
G-36812204	ACF O Fiadeiro	6754/320 6755/320
G-36790046	Asociación de Emigrantes Senegaleses Residentes en Vigo	6757/320 6756/320
G-15859911	Fundación Amigos de Galicia	6758/320

Lembremos que as Bases Primeira.d) e segunda da convocatoria, establece que poderán concorrer a esta convocatoria pública as asociacións de veciños e sociedades culturais que operen no movemento veciñal, sen ánimo de lucro, inscritas, respectivamente, nos epígrafes 10.1 e 10.5 do RMA, excluindo aquelas agrupacións, federacións, confederacións e demais entidades que representen a distintos colectivos, cando as entidades ás que representan ou que forman parte delas, poden concorrer neste procedemento a título individual.

Así mesmo, de conformidade coa Base 6ª.2, en relación coa Base 2ª.9 da convocatoria, desestímase parcialmente a solicitude dunha (1) asociación, por existir no vixente orzamento municipal consignación presupostaria nominativa ao seu favor para a formalización dun convenio de colaboración para axudar ao financiamento de gastos comprendidos nalgún dos programas subvencionados nesta convocatoria:

CIF	ENTIDADES	PROGRAMA	EXPTES/S
G-27771195	Asociación de Vecinos de Novo Vigo	I	6672/320

c) Seguindo o disposto na base oitava, punto 5, en calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada podía desistir da/s súa/s solicitude/s, individualmente consideradas por Programas, desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 90 e 91 da Lei 30/92, de RXAP e PAC.

Coas datas 17 e 18 de setembro de 2014, a entidade S.C.D.R. Nautilus (G-36648103) achegou sendos escritos (docs. 140110690 e 140110934) de desistimento das súas solicitudes de subvención para os Programas II (expte: 6699/320) e III (expte. 6700/320) . Proponse aceptar o desistimento.

d) Conforme ao art. 71 da Lei 30/92 e Base Décimo Primeira, apartado primeiro, as solicitudes daquelas asociacións que non reunían os requisitos esixidos pola norma reguladora da subvención, requíronse para a súa subsanación, advertíndolle, expresamente que, transcorrido o prazo máximo e improrrogable de 10 días, computados conforme ao art. 48 e practicada a notificación segundo o disposto no art. 59 da mesma, teríanse por desistidas expresamente da/s súa/s solicitudes, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s. Todas as entidades requiridas atenderon ao requirimento, polo que non procede telas por desistidas das súas solicitudes.

e) Tal e como dispón a base décimo primeira.9, segundo o art. 24 da LSG e, de conformidade cos arts. 58 e 59 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, a resolución deste procedemento notificaráselle aos interesados, podendo substituírse dita notificación, por tratarse de actos integrantes dun procedemento de concorrencia competitiva, pola publicación no BOP, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo. A contar dende o día seguinte á recepción das notificacións ou, no seu caso, dende o día seguinte á publicación da resolución, segundo dispón o art. 21.5 da LSG e se reflicte na mesma base, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.

PLAZO, FORMA E MODELOS DE XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS CONDEDIDAS

a) As entidades beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos, na forma prescrita na base décimo terceira da norma reguladora da subvención, como prazo máximo, ata o 18 de outubro de 2014. Noutro caso, perderase o dereito a percibir a axuda.

Ao respecto, a Base 38ª.11 das BEP establece que “As Bases da convocatoria terán que regular a xustificación das axudas no mesmo ano que se outorgan, o prazo de xustificación non será despois da segunda semana de decembro, e a súa remisión a Intervención Xeral para a súa fiscalización, non será despois do prazo que en cada caso establezan as normas xerais de peche que se aproban anualmente”.

Tendo en conta a data na que nos encontramos, que o expediente debe ser obxecto de fiscalización previa e que o outorgamento debe acordarse pola XGL e notificado aos interesados, considerase axustada a data establecida nas bases da convocatoria como prazo máximo de xustificación da subvención, polo que se considera axeitado acordar a súa ampliación ata o 31/10/14.

Tal e como sinala o art. 89 do RLXS, producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou da concorrencia dalgunha das causas previstas no art. 37 da LXS. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro e, polo tanto, para a revogación da subvención, será o establecido no art. 42 da LXS,

neste caso, art. 38 da LSG. Atendendo á base décimo sétima, procederá a revogación parcial, por Programas, cando o incumprimento de xustificación se produza, unicamente, respecto dun dos Programas para os que se obtivo subvención.

b) De conformidade cos artigos 30.1 da LXS, a xustificación polas entidades beneficiarias do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención, pode revestir a forma de conta xustificativa do gasto realizado, cuxa rendición, ante o órgano concedente, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, na que se deben incluír, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención. O seu contido contémplase na base décima terceira da convocatoria:

- unha memoria de actividades realizadas, conforme ao proxecto achegado coa solicitude de subvención, que serviu de fundamento para a súa concesión, na que deberá figurar, como mínimo, a información que, polo miúdo, se desglosa no apartado c) daquela base (Anexo VIII.B)
- unha memoria económica xustificativa de gastos realizados, polo miúdo, para cada un dos Programas subvencionados, que conterá unha relación numerada e correlativa dos gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto, CIF/NIF, nº de documento xustificativo, data do mesmo, base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF e importe total que se imputa a subvención, segundo apartado d) da mesma Base (Anexo IX)
- solicitudes de aboamento (Anexos V,VI e VII) a información complementaria (Anexo VIII.A)

Atendendo ao principio de anualidade do orzamento, que, conforme ao art. 176.1 TRLHLL, impide contraer obrigacións derivadas de gastos que se realicen fora do ano natural do propio exercicio presupostario, débese entender por gasto realizado o que, efectivamente, se levou a cabo dentro do ano natural de convocatoria da subvención (2014) e, así mesmo, dentro de período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2014, data proposta de finalización do prazo de xustificación.

Así mesmo, debe terse en conta, segundo o art. 31.8 LXS, que os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente, sen que se consideren subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, ni os impostos persoais sobre a renda.

Así, o IVE seralle aboado, sempre que acredite, mediante declaración responsable, a non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

Respecto ao IRPF, non será gasto subvencionable para o traballador no caso de que este recibira a subvención. Agora ben, para a organización na que traballa o na que presta os seus servizos, o IRPF declarado e liquidado é tan subvencionable como calquera outro gasto de persoal. En efecto, o IRPF que unha asociación abona polos seus traballadores non é un tributo da asociación, senón un gasto de persoal da asociación e un tributo para o traballador, o cal, por ser parte do salario bruto, é retido pola asociación por mandato de facenda.

A memoria económica debe incluír a declaración das/os actividades/investmentos que foron financiados coa subvención e o seu custe, co desglose de cada un dos gastos en que incorreron. Estes gastos acreditaranse mediante facturas orixinais, nas que deberán figurar os requisitos legalmente esixidos, ou demais documentos de valor probatorio equivalente, que sexan válidos no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

Os documentos xustificativos orixinais achegados, poderanse devolver ás beneficiarias, previa solicitude, por escrito, no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante un selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando a cantidade que se imputa subvención (base décimo terceira, apartado e).

c) Dita documentación, así como, a acreditación do resto de extremos contemplados no art. 30 da LXS e base décima terceira das reguladoras da subvención, achegarase, debidamente cumprimentada, nos anexos que, para dita finalidade, se aprobaron pola XGL coa convocatoria destas subvencións:

- Anexo V: Solicitude de aboamento- Xustificación Programa I
- Anexo VI: Solicitude de aboamento- Xustificación Programa II
- Anexo VII: Solicitude de aboamento- Xustificación Programa III
- Anexo VIII.A): Información complementaria xustificación
- Anexo VIII.B): Memoria de actividades 2014
- Anexo IX (A e B): Memoria económica da xustificación (por programas e relación clasificada)
- Anexo X: Publicidade Corporativa- Cartelería
- Anexo XI: Renuncia

Seguindo o preceptuado no art. 70.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de RXAP e PAC, “as Administración públicas deberán establecer modelos e sistemas normalizados de solicitudes cando se trate de procedementos que impliquen a resolución numerosa dunha serie de procedementos. Os modelos mencionados estarán a disposición dos cidadáns nas dependencias administrativas”. En efecto, os modelos enumerados estarán a disposición das entidades interesadas no Servizo de Atención e Participación Cidadá e na páxina web oficial do Concello de Vigo.

Os solicitantes do pago poden acompañar os elementos que consideren necesarios para completar os datos do modelos.

d) De conformidade co art. 31 da LSG, o pago da subvención realizarase, previa xustificación polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo, ou adopción do comportamento para o que se concedeu, producíndose a perda do dereito ao cobro daquela no suposto de falta de xustificación ou xustificación insuficiente, nos termos previstos no art. 33.1.c) da Lei.

ÓRGANO COMPETENTE

O art. 7.4 da LSG establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñan atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co art. 127.g) da Lei 57/03, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local “o desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal”.

RECURSOS

De conformidade cos art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), en redacción dada pola Lei 11/99, de 21 de abril e 210.a) do Regulamento de

Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno poñen fin á vía administrativa.

Segundo os art. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o segundo ata a resolución expresa do primeiro ou a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso administrativo será de dous meses, establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA).

Á vista do exposto, de conformidade coa base décimo primeira.8 da norma reguladora da subvención, art. 23.3 da LSG e art. 127.g) da LMMGL, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: CONCEDER, de conformidade co art. 23.3 da LSG e Base Décimo Primeira.8), ás corenta entidades (40) que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 9240 4890000, denominada "Subvencións a entidades cidadás e sindicatos", cunha dotación de 90.610 €, e/ou á partida presupostaria 9240 7800010, chamada "Transferencias de Capital Asociacións", dotada con 150.000,00 €, subvención en concepto de "Gastos de mantemento" (Programa I), "Gastos en investimento: equipamento" (Programa II) e/ou "Gastos en investimento: obras e adquisición de inmobles" (Programa III), correspondentes á "Convocatoria das subvencións para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá para o ano 2014", polo contía total que se reflicte a seguir:

	CIF	ASOCIACIÓN	Nº EXPEDIENTE	PROGRAMAS	ORZAMEN-TO	IMPORTE	TOTAL
1	G-27762434	Asociación Centro Cultural Veciñal e Deportivo Vigo Centro	6626-320	Gastos de mantemento: Teléfono; luz; asesoría; aluguer	7.785,00 €	2.291,62 €	5.692,39 €
			6627-320	Servidor 6 equipos de sobremesa 2 discos duros externos SAI	6.352,50 €	1.604,09 €	
			6628-320	Conservación do local: pintura do local	2.245,85 €	1.796,68 €	
2	G-36648640	A.V.C.S. San Miguel de Oia	6614-320	Gastos de mantemento: auga; luz; gasóleo; teléfono; seguro local e responsabilidade civil; limpeza; mantemento (pequenas avarías)	18.020,00 €	3.000,00 €	3.000,00 €
3	G-36709004	A.V. Doutor Fleming	6631-320	Gastos de mantemento: teléfono; auga; luz; seguros; lixo; rexistro mercantil, asesoría; limpeza; avarías; mantemento equipos informáticos; franqueo cartas; folletos; material oficina; persoal administrativo	7.057,49 €	2.925,47 €	3.029,47 €

	CIF	ASOCIACIÓN	Nº EXPEDIENTE	PROGRAMAS	ORZAMEN-TO	IMPORTE	TOTAL
			6632-320	Equipo de son	130,00 €	104,00 €	
4	G-36649325	Asociación Veciñal "O Carballo" de Sárdoma	6655-320	Gastos de mantemento: auga; luz; teléfono e internet; limpeza; material oficina; pequenos arranxos	3.299,89 €	2.681,68 €	12.001,35 €
			6656-320	Ordenador portátil Impresora	858,00 €	858,00 €	
			6657-320	Arranxo de fiestras e tellado	13.087,23 €	8.461,67 €	
5	G-36651073	A.V.C.D. De Cabral	6693-320	Gastos de mantemento: auga; electricidade; teléfono; seguros; impostos; xestoría; limpeza; material oficina; servizo e material informático; pequenas avarías; administrativa	11.977,00 €	3.000,00 €	8.407,65 €
			6694-320	Destrutora de papel Equipo de son Equipo de luz	3.377,24 €	1.895,75 €	
			6695-320	Substitución de fiestras no local anexo	4.389,88 €	3.511,90 €	
6	G-36644904	A.VV Rosalía de Castro da Salgueira	6618-320	Gastos de mantemento: auga; gas; luz; teléfono; seguros	4.294,00 €	1.950,31 €	9.723,26 €
			6619-320	5 ordenadores 12 cadeiras Equipo de luces e focos proxectores (6 canóns; 6 proxectores)	4.556,00 €	1.458,27 €	
			6620-320	Rehabilitación de local: desmontaxe e reposición cuberta, remate babeiro perimetral, reparación de caneiros	16.134,27 €	6.314,68 €	
7	G-36648186	A.V. Camiño Vello de Coia	6692-320	Gastos de mantemento: Teléfono e internet; auga; gas, limpeza; prensa; electricidade; asesoría; seguro; material oficina; mantemento; persoal laboral	7.970,00 €	2.535,40 €	2.535,40 €
8	G-36691855	A.V.C.R. San Mamede de Zamáns	6637-320	Gastos de mantemento: teléfono, ADSL, Fax; luz; gasóleo calefacción; seguro centro; seguro responsabilidade civil; taxa lixo; papelería	6.757,82 €	2.974,23 €	7.574,23 €
			6638-320	2 Altosfalantes 1 Kit soporte e bolsa de transporte	1.080,00 €	600,00 €	

	CIF	ASOCIACIÓN	Nº EXPEDIENTE	PROGRAMAS	ORZAMEN-TO	IMPORTE	TOTAL
			6639-320	Formación de cámaras de aire no baixo do centro cultural	5.507,63 €	4.000,00 €	
9	G-36659829	A.V. De Coruxo	6674-320	Gastos de mantemento: teléfono e internet; seguro local e responsabilidade civil; impostos e taxas; material oficina; correos; fotocopias; pequenas avarías	1.699,59 €	1.699,59 €	1.699,59 €
10	G-36842284	A.V.V. Da Miñooca	6654-320	Impresora 2 equipos de amplificación persoal 1 equipo de amplificación móbil Unidade de referencia de megafonía Equipo reprodutor e TV	3.760,00 €	1.786,38 €	1.786,38 €
11	G-36648103	A.V.C.D. Sampaio	6633-320	Gastos de mantemento; auga; luz; gasóleo; teléfono; alarma; impostos; seguros; pequenas avarías; material oficina e ferretería	10.274,00 €	2.535,40 €	2.535,40 €
12	V-36655017	A.V. Fonte do Galo	6617-320	Gastos de mantemento: luz; auga; teléfono; seguro local; limpeza; pequenas avarías	3.800,00 €	3.000,00 €	5.167,01 €
			6623-320	Mesas; gazebo pregable; percheiro e espello Micro inarámico Venecianas; lámina control solar; rótulo	997,51 €	997,51 €	
			6624-320	Instalación tarima flotante en salón de actos	1.461,88 €	1.169,50 €	
13	G-36645885	A.VV Casco Vello	6690-320	Gastos de mantemento: teléfono; seguros; asesoría; correos; seguridade; gastos oficina; material limpeza	6.873,00 €	3.000,00 €	4.650,00 €
			6691-320	Ordenador Smart TV Destrutora de documentos Facho	1.650,00 €	1.650,00 €	
14	G-36623593	A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos	6629-320	Pintura impermeable na fachada oeste ala sur edificio	11.018,26 €	7.451,32 €	7.451,32 €
15	G-36640860	A.V. C.U. "Val do Fragoso"	6612-320	Gastos de mantemento: auga; luz; teléfono; alarma; climatización; ascensor; seguro	5.737,50 €	2.437,89 €	2.437,89 €

	CIF	ASOCIACIÓN	Nº EXPEDIENTE	PROGRAMAS	ORZAMEN-TO	IMPORTE	TOTAL
				<i>asociación; seguro responsabilidade civil; asesoría; extintores e sinalización contra incendios; desratización e desinfección</i>			
16	G-36648293	A.V. Do Calvario	6658-320	<i>Gastos de mantemento: luz; auga; seguros; teléfono; material oficina; informática; extintores; limpeza; asesoría; correos; impostos</i>	5.875,98 €	2.876,71 €	2.876,71 €
17	G-36632081	A.V.C.V-C.S.C.R de Beade	6687-320	<i>Gastos de mantemento: auga; luz; teléfono; seguro; asesoramento; limpeza; material; fotocopias; mantemento e avarías; dous administrativos</i>	39.224,37 €	3.000,00 €	16.396,30 €
			6688-320	<i>Mobiliario cocina Lector CD 12 focos; 12 garra work; controladora DMX; Truss 8 cámaras; vídeo gravador; mini-domo Fonte de alimentación Cadea de música</i>	10.603,78 €	2.661,34 €	
			6689-320	<i>Reforma de vestiarios: colocación de azulexos, dúas portas, instalacións de fontanería e electricidade, instalacións de lavabos e inodoros, azulexado de paredes, pavimentado de chans, pintado e rematado</i>	21.204,35 €	10.734,96 €	
18	G-36648988	A.V.C.D. "San Xurxo" Saiáns	6667-320	<i>Gastos de mantemento: electricidade; telefonía; seguro Resp. Civil; asesoría laboral e xurídica; limpeza; gastos persoal</i>	7.572,98 €	2.730,44 €	11.987,67 €
			6668-320	<i>Ordenador 6 cadeiras-butacas Equipo de son</i>	5.305,00 €	1.932,20 €	
			6669-320	<i>2ª fase-illamento, revestimento e pintado planta alta</i>	11.902,50 €	7.325,03 €	
19	G-36654036	A.V. De Matamá "A Unión"	6630-320	<i>Gastos de mantemento: Teléfono; electricidade; limpeza</i>	2.041,34 €	2.041,34 €	2.041,34 €

	CIF	ASOCIACIÓN	Nº EXPEDIENTE	PROGRAMAS	ORZAMEN-TO	IMPORTE	TOTAL
20	G-36659894	A.V. De San Roque	6640-320	Gastos de mantemento: Auga; luz; teléfono; limpeza; comunidade; impostos municipais; seguro xeral	4.581,65 €	2.632,92 €	3.731,45 €
			6641-320	Cociña; Batedora; 2 ventiladores 2 cadeiras	467,00 €	467,00 €	
			6642-320	Arranxo de biblioteca e sala de actividades: empastado de gretas, lixado e pintado de paredes	789,42 €	631,53 €	
21	G-36633618	A.V.C.D. Lavadores	6634-320	Gastos de mantemento: teléfono; auga; luz; asesoría; EUI; IBI	8.011,00 €	2.925,47 €	13.555,00 €
			6635-320	2 PC portátiles 4 Estantes; Tarima Equipo de luz e son 5 Bancos; 4 Cortinas Cortacésped; Hidrolavadora	6.250,00 €	2.041,57 €	
			6636-320	Reforma e conservación das instalacións: albanelería interior (zona de pavillóns e aulas) e exterior (zona pavillóns inferiores); instalación eléctrica; subministro e colocación de pedras hidráulicas e baldosas	18.283,53 €	8.587,96 €	
22	G-36640985	A.V. "As Nosas Rúas"	6615-320	Gastos de mantemento: Auga; teléfono; comunidade; luz; asesoría; seguro; tóner; ferraxería; reparación ventanal; correos	3.198,14 €	2.389,13 €	4.519,93 €
			6714-320	20 colchonetas 30 cadeiras de madeira pregables	1.250,00 €	1.250,00 €	
			6715-320	Pintado de paredes e teitos	1.101,01 €	880,80 €	
23	G-36649374	A.V. "Nosa Terra" Alcabre	6670-320	Gastos de mantemento: Auga; luz; teléfono; revisión extintores; arranxo eléctrico; alarma	3.003,69 €	2.389,13 €	2.935,55 €
			6671-320	2 Estantes Receptor dixital terrestre 2 espellos	546,42 €	546,42 €	
24	G-36648608	A.V. De Navia	6645-320	Gastos de mantemento : Lixo; auga; luz; xornais; teléfono – internet; correos; fotocopias; páxina web; seguros; asesoría; reparación ordenadores; reparación	8.612,72 €	2.876,71 €	13.848,67 €

	CIF	ASOCIACIÓN	Nº EXPEDIENTE	PROGRAMAS	ORZAMEN-TO	IMPORTE	TOTAL
				<i>lámpadas; reparación alarma; gastos de persoal</i>			
			6646-320	<i>2 ordenadores; 2 monitores; teclado; rato; 3 deshumidificadores 5 proxectores; 15 downlight led Espello; 13 Extintores</i>	6.236,59 €	2.005,12 €	
			6647-320	<i>Reparación de descascados e pintado paredes e teito na planta baixa, escaleira e corredor da planta 1; eliminar verniz, desmontar e montar cristais de protección, pintado varanda na escaleira e planta 1. substitución luces emerxencia e sinalización nas escaleiras auditorio, limpeza de pintada na fachada lateral</i>	21.396,80 €	8.966,84 €	
			6662-320	<i>Gastos de mantemento: Gasoil; luz; auga; teléfono; seguros; lixo</i>	10.574,00 €	3.000,00 €	
			6663-320	<i>Ordenador portátil Proxector</i>	1.263,18 €	1.263,18 €	
25	G-36863348	U.V.C.D.Candeán	6664-320	<i>Rehabilitación ou conservación de locais: colocación de pedra de solado da porta, limpeza e aplicación de impermeabilizante en terraza exterior, impermeabilización da terraza do centro</i>	3.622,50 €	2.898,00 €	7.161,18 €
